



## **CONCELLO DE POIO**

Praza do Mosteiro núm. 1. E-mail: [mercedes.cochon.lopez@concellopoio.com](mailto:mercedes.cochon.lopez@concellopoio.com)  
36995. Poio (Pontevedra).  
Ref. M/C

### ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, NÚMERO CATROCENTOS SETENTA REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACIÓN O DÍA VINTE E SETE DE MARZO DE DOUS MIL DOCE.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e corenta minutos do vinte e sete de marzo de dous mil doce, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coas asistencias dos Srs/as. Concelleiros/as D. Xulio Barreiro Lubián, D. Xosé Luis Martínez Blanco, D<sup>a</sup>. Silvia Díaz Iglesias, D<sup>a</sup>. Margarita Caldas Moreira, D<sup>a</sup>. María Alicia Martínez González, D<sup>a</sup>. Lidia Salgueiro Piñeiro, D. José Angel Lodeiro Cancela, D<sup>a</sup>. María Consuelo Besada Lores, D. Gregorio Luís Agís Gómez, D. Javier Domínguez Lino, D<sup>a</sup>. Celeste Nieto García, D. Angel Moldes Martínez, D. Juan José Rodríguez Grandal, D. Alberto Villaverde Méndez, D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> del Mar Villaverde Rosales e D. Manuel Domínguez Álvarez; asiste como interventora acctal. D<sup>a</sup>. Dolores Sartal Alvariñas e asiste como secretaria a do Concello, Paula Ramos Díaz. Reuníronse no Salón de Sesións en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ao día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

3655.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR DO 28 DE FEBREIRO DE 2012 NÚMERO 469.- De conformidade co establecido no artigo 91.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta á Corporación da acta realizada en sesión ordinaria o día 28 de febreiro de 2012 número 469 e non formulándose ningunha observación á acta de referencia esta queda aprobada por unanimidade de asistentes

3656- ESTADO DE EXECUCIÓN DOS ASUNTOS PRECEDENTES.- Dáse conta á corporación pola Secretaria presente na sesión do estado de execución dos asuntos precedentes e que son os que seguen: “3636.- INTERVENCIÓN, RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚMERO 2/2012.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Departamento de Intervención; 3637.- INTERVENCIÓN, MODIFICACIÓN PRESUPOSTARIA 3/2012, CRÉDITO EXTRAORDINARIO FINANCIADO CON BAIXAS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, deuse traslado ao Departamento de Intervención, remitiuse e publicouse anuncio no Boletín Oficial da Provincia; 3638.- INTERVENCIÓN, MODIFICACIÓN PRESUPOSTARIA 4/2012, SUPLEMENTO DE CRÉDITO FINANCIADO CON BAIXAS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, deuse traslado ao Departamento de Intervención, remitiuse e publicouse anuncio no Boletín Oficial da Provincia; 3639.- PERSONAL, ACORDO ASINADO MODIFICACIÓN BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO PRORROGADO ANO 2011.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, deuse traslado ao Departamento de Intervención, remitiuse e publicouse anuncio no Boletín Oficial da Provincia 3640.- MOCIÓN, MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG CONTRA A PRIVATIZACIÓN E SUBIDA DE TARIFAS DAS ESCOLAS INFANTÍS PERTENCENTES Á XUNTA

DE GALICIA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Presidencia da Xunta de Galicia; 3641.- MOCIÓNS, MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, DE ELABORACIÓN ORDENANZA MUNICIPAL DE TRAMITACIÓN DE LICENZAS DE ACTIVIDADES.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse ao Departamento de Aperturas; 3642.- MOCIÓNS, MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA E POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG EN RELACIÓN AO APOIO Á INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR PARA A DEFENSA E PROMOCIÓN DA SANIDADE PÚBLICA EN GALIZA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse á Xunta de Galicia, Consellería de Sanidade, Presidencia do Parlamento Galego e aos Grupos Parlamentarios do Parlamento; 3643.- MOCIÓNS, MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG EN RELACIÓN AO REXEITAMENTO DA REFORMA LABORAL APROBADA POLO GOBERNO CENTRAL.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse á Xunta de Galicia, Consellería de Sanidade, Presidencia do Parlamento Galego e aos Grupos Parlamentarios do Parlamento e ao Goberno Central; 3644.- SECRETARÍA, ESCRITO PRESENTADO POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR POLO QUE SE DÁ CONTA DAS MODIFICACIÓNS DOS/AS COMPOÑENTES DAS COMISIÓNS PERMANENTES E CAMBIO DE VOCEIRO DO GRUPO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse aos Secretarios/as das Comisións de Urbanismo e de Facenda; 3645.- CONVENIO URBANÍSTICO DE XESTIÓN ENTRE O CONCELLO DE POIO E MANUEL RIAL BUCETA E MARIA JESÚS NIETO QUINTILLÁN EN RÚA GONZALO FERNÁNDEZ DE LA MORA NO LUGAR DE SEARA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Departamento de Urbanismo para a realización dos trámites procedentes; 3646.- URBANISMO, PLAN SECTORIAL DE ORDENACIÓN DE ÁREAS EMPRESARIAIS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse ao Instituto Galego de Vivenda e Solo; 3647.- PROPOSTA DA ALCALDÍA INTERPOSICIÓN DE SEGUNDO RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ANTE A AUDIENCIA NACIONAL CONTRA A ORDE DO MINISTERIO DE MEDI AMBIENTE Y MEDIO RURAL Y MARINO DE 14 DE DECEMBRO DE 2011, DE DESLINDE DO TRAMO DE COSTA QUE COMPRENDE A TOTALIDADE DO TRAMO DO TERMO MUNICIPAL DE POIO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Departamento de urbanismo para os trámites oportunos; 3648.- MODIFICACIÓN REGULAMENTO CONSELLO MUNICIPAL DA MULLER.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, deuse traslado ao Departamento de Benestar Social, remitiuse e publicouse anuncio no Boletín Oficial da Provincia; 3649.- DECLARACIÓN DO 24 DE FEBREIRO DE 2012 COMO DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente; 3650.- MOCIÓN DO DÍA INTERNACIONAL DA MULLER TRABALLADORA, 8 DE MARZO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse á Xunta de Galicia, Consellería de Sanidade, Presidencia do Parlamento Galego e aos Grupos Parlamentarios do Parlamento e ao Goberno Central; 3651.- MODIFICACIÓN REGULAMENTO DE USO DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO CONCELLO DE POIO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, deuse traslado ao Departamento de Deportes, remitiuse e publicouse anuncio no Boletín Oficial da Provincia; 3652.- INTERVENCIÓN, MODIFICACIÓN PRESUPOSTARIA 5/2012, SUPLEMENTO DE CRÉDITO, FINANCIADO CON BAIXAS NOUTRAS APLICACIÓNS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, deuse traslado ao Departamento de Intervención, remitiuse e publicouse anuncio no Boletín Oficial da Provincia; 3653.- INTERVENCIÓN, MODIFICACIÓN PRESUPOSTARIA 6/2012, CRÉDITO EXTRAORDINARIO FINANCIADO CON BAIXAS NOUTRAS APLICACIÓNS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, deuse traslado ao Departamento de Intervención, remitiuse e publicouse anuncio no Boletín Oficial da Provincia.”

A Corporación dáse por enterada.

3657.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.-

Pola Secretaría presente na sesión dáse conta das resolucións da alcaldía desde o último pleno ordinario e que estiveron a disposición dos/as concelleiros/as xunto cos demais asuntos que forman parte da orde do día e non formulándose observación ningunha a corporación dáse por enterada do contido das mesmas.

3658.- NOVO BORRADOR DO CONVENIO “NOVO ABASTECIMIENTO DE AUGA A PONTEVEDRA E A SÚA RÍA”.- Pola Secretaría presente na sesión dáse conta do expediente tramitado co motivo da aprobación do novo borrador do convenio a subscribir polos Concellos de Pontevedra, Sanxenxo, Poio, Marín e Vilaboa coa sociedade estatal Aguas de las Cuencas del Norte, SA para a construción e explotación da actuación Novo abastecemento de auga a Pontevedra e a súa ría.

Consta no expediente informes emitidos pola Intervención Municipal de data 14 de marzo de 2012 e Secretaría Xeral de data 16 de marzo de 2012.

Con data 19 de marzo de 2012 o expediente foi sometido á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas emitíndose o seguinte ditame: “Dáse conta do novo borrador do convenio a subscribir polos Concellos de Pontevedra, Sanxenxo, Poio, Marín e Vilaboa coa sociedade estatal de Augas das Concas do Norte, S.A. para a construción e explotación da actuación “NOVO ABASTECIMIENTO DE AUGA A PONTEVEDRA E A SÚA RÍA”, do informe de Intervención de data 14 de marzo de 2012 e do informe da Secretaría Xeral de data 16 de marzo de 2012.

O Sr. Barreiro Lubián explica o contido deste novo borrador indicando que se realiza esta nova versión de convenio por unirse os Concellos de Marín e de Vilaboa e polo tanto cambian as repercusións económicas que se derivarían da sinatura deste novo borrador de Convenio xa que a inversión inicial prevista, segundo consta no novo borrador ascende a 31.909.613,95 € + iva, correspondendo ao Concello de Poio a aportación dun 17,48%, é dicir 5.532.380,86 € (baixa a porcentaxe de aportación do Concello de Poio dun 21,11% no borrador de convenio anterior ao 17,48% no presente), no caso de ser concedida a subvención que se solicita para o proxecto, o Concello de Poio aportaría directamente a contía de 1.940.759,20 € coa posibilidade de subscribir unha operación financeira, que, segundo os datos que figuran no Anexo III ao borrador do convenio conlevaría un tipo de interese do 4,5% e se sufragaría dende o ano 2015 ata o ano 2039 supoñendo para o Concello de Poio unha cota anual de 136.300,88 € (máis IVE) o cal, nos 25 anos suporía un importe total de 3.407.521,50 €, dos que 1.466.762,30 € serían intereses.

O Sr. Moldes Martínez manifesta que o seu grupo municipal vaise abster xa que aínda que están de acordo co proxecto en si, non o están co financiamento que cobre soamente o 30% do importe total.

O Sr. Barreiro Lubián contéstalle que nos pensamos que sempre vai haber desviación ao redactar o proxecto pero eles insisten en que con este proxecto non hai forma.

A alternativa sería que o Concello non fixera nada e tería que por o 100% xa que a rede hai que repola e melloralala. Hai que ver as fórmulas de financiamento.

Tamén Augas de Galicia podería por algo ao ser unha obra de carácter supramunicipal.

A Comisión por 4 votos a favor do BNG, ningún voto en contra e 3 abstencións do PP acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación.”.

Inicia a rolda de intervencións o Sr. Barreiro Lubián para explicar aos asistentes que a finalidade deste novo borrador non é outra ca de dar entrada aos Concellos de Vilaboa e Marín e actualizar os datos económicos poñéndose de manifesto a correspondente redución da achega municipal. Mantense o compromiso de conseguir que os fondos provenientes da Unión europea acaden ata o 75 por cento da inversión proxectada e sinala que pese á contía á que debe facer fronte esta entidade, non hai máis opción que repoñer e manter a rede que soporta o servizo.

Toma a palabra o voceiro do grupo municipal do Partido Popular para indicar que se ben está de acordo en prestar e manter a rede en debidas condicións, analizado o contido do convenio xúrdelle a dúbida sobre se existirá realmente o compromiso firme da Unión Europea xunto coa posible prohibición de subscribir unha

operación de crédito dado o volume de endebedamento que afecta o Concello de Poio, por canto de no ser posible a súa concertación sería necesario facer fronte a achega local mediante fondos propios.

A continuación inicia o seu turno a Sra. Besada Lores para transmitir aos membros corporativos a súa satisfacción por que o Partido Popular reconeiza que é unha inversión necesaria xunto co parecer favorable do seu grupo municipal á nova proposta de convenio. Sinala así que a rede debería ter sido repostada hai xa moito tempo mais o importe era demasiado elevado para o concello polo que lle parece que esta é unha oportunidade única xa que sempre hai a posibilidade de denunciar o convenio.

Inicia unha nova rolda o Sr. Barreiro Lubián do grupo municipal do BNG para reiterar que a decisión do grupo de goberno non pode máis que ser considerada como sensata xa que a outra alternativa é que o Concello de Poio asuma o cento por cento do custe do proxecto, debendo primar o interese dos veciños sobre calquera límite ao endebedamento, lamentando que se teña efectuado a mesma petición a Augas de Galicia sen que se tivese recibido resposta ningunha. En canto á subvención comprometida, considera que AcuaNorte é unha entidade seria. A achega municipal ascenderá máis ou menos a 130.000,00 euros ao ano e é asumible, polo que non comprende a dúbida do Partido Popular salvo que teñan que votar a favor.

O Sr. Moldes respóndelle que a interventora municipal é igualmente xente seria e aborda o problema do endebedamento na consideración primeira do seu informe, polo que segue sen saber si o concello pode concertar esta nova operación de crédito.

Pecha o debate o Sr. Barreiro Lubián e indícalle ao Sr. Moldes que levan falando da mala situación desta entidade local dende o ano 1997 e mostra como proba das condicións financeiras do concello o feito de que non se teña sumado ao novo Real Decreto-Lei 4/2012, de 24 de febreiro, prestando aprobación a asumindo con fondos propios a aprobación e abono das facturas pendentes de pago a 1 de xaneiro de 2012.

Unha vez rematada a quenda de deliberacións, sometido a votación ordinaria, ó abeiro do establecido nos arts. 22 e 47 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local e concordantes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, por dez votos a favor (8 do grupo municipal do BNG e 2 do grupo municipal do PSOE), ningún voto en contra e 7 abstencións do grupo municipal do PP, o pleno adoptou o seguinte acordo:

**Primeiro:** Aprobar o novo borrador do convenio a subscribir polos Concellos de Pontevedra, Sanxenxo, Poio, Marín e Vilaboa coa sociedade estatal Augas de las Cuencas del Norte, SA para a construción e explotación da actuación “Novo abastecemento de auga a Pontevedra e a súa Ría” ao que fai referencia a Comisión de Seguemento do devandito convenio de data 30 de setembro de 2011.

**Segundo:** Dar conta do presente acordo a empresa Aguas de las Cuencas del Norte.

3659.- INTERVENCIÓN, DAR CONTA DO ENVÍO DA RELACIÓN CERTIFICADA DE TÓDALAS OBLIGACIÓNS PENDENTES DE PAGO AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS SEGUNDO O ESTABLECIDO NO REAL DECRETO LEXISLATIVO Nº 4/2012 DE 24 DE FEBREIRO.- Dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 19 de marzo de 2012 e que di o que segue: “Dáse conta do expediente e do informe da Interventora de data 14 de marzo de 2012 no que da conta da remisión, con data 14/03/2012, por vía telemática e con sinatura electrónica ao órgano competente do Ministerio de Facenda e Administracións públicas a relación certificadas de todas as obrigacións pendentes de pago deste Concello a data 31 de decembro de 2011, tal e como establece o artigo 3 do RDL. 4/2012, de 24 de febreiro, constando dunha factura de Xestión Ambiental de Contratas, S.A. por importe de 61.032,51 € que quedou pendente de contabilizar.

O Sr. Barreiro quere manifestar que é a única que se meteu e que quedou pendente de contabilizar xa que son as obras que se fixeron na explanada que se coñece como a finca de Ankar que houbo que poñer mobiliario urbano e repor algunhas cousas.

A Comisión dáse por enterada para os efectos da realización do trámite e da súa elevación ao Pleno na vindeira sesión ordinaria.”

A Corporación dáse por enterada e por realizado o trámite previsto no Real Decreto-Lei 4/2012, de 24 de febreiro.

**3660.-RATIFICACIÓN DO ACORDO NÚMERO 10107 ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN ORDINARIA 429 REALIZADA O 19 DE MARZO DE 2012.-** Previa ratificación da inclusión da moción na orde do día polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu número legal de membros, de conformidade co disposto no artigo 82.3º do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídicos das entidades locais e ó abeiro do disposto no artigo 16 do Regulamento Orgánico Municipal pola secretaria presente na sesión, dáse conta do contido do acordo número 10107 adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria realizada o 19 de marzo de 2012 en relación ao expediente tramitado polo departamento de urbanismo 04/2012, a instancia da comunidade de propietarios do edificio sito na rúa Oliveira, 21-23 A Barca, polo que instaba ao cambio de cualificación dun terreo en rúa Oliveira, 21-23 A Barca e que dí o que segue: “10107.-URBANISMO, EXPTE.: 04/12, COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DO EDIFICIO SITO NA RÚA OLIVEIRA, 21-23, A BARCA, SOLICITUDE DE CAMBIO DE CUALIFICACIÓN DUN TERREO EN RÚA OLIVEIRA, 21-23, A BARCA.-Dáse conta do expediente urbanístico número 04/12 cos seguintes

#### **ANTECEDENTES**

– Con data cinco de xaneiro de 2012, número rexistro de entrada 75, presentase un escrito identificándose como solicitante GABINETE LAREU& SEOANE, SL, en representación da comunidade de propietarios do inmovible sito en rúa Oliveira 21-23, A Barca, polo que instan a que se modifique o PXOM dada a cualificación de zona verde que segundo dita empresa corresponde a zona de garaxe segundo a escritura de propiedade horizontal que achega na que aparece salientado en cor azul o texto seguinte: "...En la extrema ESTE del edificio, en la planta baja del mismo, existe una rampa de acceso al terreno posterior, destinado a plazas de garaje accesorias a las viviendas que discurre, en el primer tramo, por debajo de la vivienda Primeiro A. El conjunto (incluido el terreno posterior accesorio), con una superficie total de trescientos noventa y tres metros cuadrados, ....".

– Extractos dos planos 0.8 de ordenación xeral e 1.3 e 1.6 da usos pormenorizados do solo urbano de San Salvador asinados pola arquitecto municipal.

– Informe da arquitecto municipal de nove de febreiro de 2012 en cuxa consideración técnico-xurídica 2. indica "Segundo plano 0.6 de usos pormenorizados de solo urbano de Raxó, a escala 1/1000, o terreo está cualificado como Ordenanza nº 3, de edificación de media densidade pechada familiar, e unha parte como zona verde, regulada pola Ordenanza 10 de zonas verdes e espazos libres da Normativa do PXOM".

– Informe do asesor xurídico de 20 de febreiro de 2012.

– Informe da secretaria xeral do Concello de 10 de marzo de 2012.

– O expediente elevouse á consideración da Comisión Informativa de Urbanismo na sesión realizada o 13 de marzo de 2012 cuxo ditame desfavorable consta no expediente.

#### **CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

1. Debe deixarse constancia da dobre ausencia de representación presente no presente expediente nos termos do art. 32 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común: da comunidade de propietarios en favor de GABINETE LAREU& SEOANE, S.L., e da persoa que en nome desta última actúa. A elo debe engadirse que non se achega

documentación ningunha que xustifique o acordo adoptado para tal finalidade pola comunidade de propietarios ou da súa innecesariedade segundo a Lei de propiedade horizontal.

2. A solicitude presentada diríxese ao cambio da cualificación de terreo de zona verde a garaxe sen concretar como equipamento público ou con aproveitamento privativo da comunidade de propietarios. Podería interpretarse que sería máis ben esta última opción a considera por canto e segundo o mesmo escrito dita zona estaría contemplada na escritura de división horizontal como "plazas de garaxe accesorias a las viviendas que discurre".

A copia da escritura de división horizontal é de 11 de xuño de 1991 na que se menciona que o edificio executouse ao abeiro de licenza municipal de outorgada pola comisión municipal de goberno de 4 de outubro de 1990 e polo tanto anterior á aprobación do PXOM do Concello de Poio, colocando á superficie afectada nunha situación de fóra de ordenación (art.103.1º LOUGA).

O informe da arquitecto municipal indica que parte do terreo cualifícase como zona verde.

Como indica o asesor xurídico no seu informe de 20 de febreiro de 2012 a partir do contido do art. 94.1º LOUGA, xunto con outros requisitos de carácter procedimental como é a preceptiva solicitude de informe da Comisión Superior de Urbanismo de Galicia: "Calquera modificación do planeamento urbanístico deberá fundamentarse en razóns de interese público debidamente xustificadas". A únida referencia que existe no presente expediente é o interese dos propios propietarios o que non xustificaría en atención ao referido precepto o inicio do procedemento de alteración"

En base ao ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local polo voto favorable dos seis membros presentes sendo este o seu número legal de membros e en exercicio das atribucións delegadas pola alcaldía, por Decreto de 30 de xuño de 2011, de conformidade co disposto no art. 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, (modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro) coa LOUGA e co Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Poio, **acordou:**

**Primeiro:** Advertidos pola secretaria erros materiais nos informes evacuados, se acorda rectificar de oficio os erros materiais seguintes:

-No informe da arquitecta: no punto 2 das consideracións técnico xurídicas, trátase de solo urbano de San Salvador

-No informe do asesor xurídico: segundo o disposto no PXOM de Poio, a superficie do terreo é de 393,39 mt.

-Comunicar esta rectificación á Comisión de urbanismo para rectificar a acta

**Primeiro:** Desestimar a petición realizada por "Gabinete Lareu & Seoane" en representación da comunidade de propietarios do inmovible sito en Rúa Oliveira, 21-23, de cambio de cualificación de zona verde existente na parte posterior do edificio situado en Rúa Oliveira, 21-23 da Barca, pola de garaxe, por non existir ningún motivo de interese público para levar a cabo á modificación do Plan Xeral que pretenden.

**Segundo:** Dar traslado do presente acordo ao Pleno na primeira sesión ordinaria que realice para os efectos da súa ratificación nos termos do artigo 16 d) do Regulamento Orgánico Municipal.

**Terceiro:** Comunicar este acordo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (CMATI), en cumprimento do disposto no artigo 92.5 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e a Delegación concedida a ese Organismo pola Orde de 6 de marzo de 2003, (DOG de 12 de marzo de 2003, apartado 9º.1 c).

**Cuarto:** Notificar este acordo á comunidade de propietarios interesada comunicándolle que de conformidade co artigo 52.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, **por pór fin á vía administrativa** contra o mesmo pode directamente no prazo de 1 mes, desde a notificación, interpor o recurso potestativo de reposición perante a Alcaldía, de conformidade co disposto nos artigos 107.1 e 116.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999 pola que se modifica a primeira ou ben directamente Recurso Contencioso-Administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses

computados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación, consonte ao establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este deberá ser resolto e notificado no prazo de 1 mes segundo establece o artigo 117.2 da antedita Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido no artigo 43.2 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, podendo entón os interesados interpoñer o recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de 6 meses contados desde o día seguinte daquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, consonte ao establecido no artigo 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes consonte a Dereito.”.

Non suscitándose debate ningún, o Pleno da Corporación, en votación ordinaria e polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu número legal de membros, de acordo co establecido no artigo 22 e 47 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local e concordantes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e segundo o disposto o artigo 16 do Regulamento Orgánico Municipal, adoptou o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Ratificar o acordo número 10107 adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria realizada o 19 de marzo de 2012.

3661.- MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO B.N.G E P.S.O.E. RELATIVA Á PROTECCIÓN DAS PERSOAS AFECTADAS POLA COLOCACIÓN MASIVA DE PARTICIPACIÓNS PREFERENTES.- Pola secretaria presente na sesión dáse conta da moción conxunta presentada con data 11 de marzo de 2012, número rexistro de entrada 1377, polos grupos municipais do BNG e PSOE, sendo elevada á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas en sesión ordinaria celebrada con data 19 de marzo de 2012 na que se adoptou o ditame que di o que segue: “Dáse conta da moción consensuada dos grupos municipais do B.N.G. e P.S.O.E. de data 14 de marzo de 2012 e data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de Poio o día 14 de marzo de 2012 que, tras unha ampla exposición de motivos propón ao Pleno da Corporación municipal a adopción dos seguintes acordos: “ 1º) Instar á Xunta de Galiza e ao Goberno do Estado a que adopten medidas efectivas de protección dos clientes de entidades financeiras que investiron os seus aforros en instrumentos financeiros opacos sen que por parte das entidades fosen informados debidamente dos riscos do produto e sen que se cumprisen as demais obrigas establecidas na normativa, co fin de que podan recuperar os seus aforros no prazo de tempo máis breve posíbel. 2º) Instar á Xunta de Galiza a exercer as potestades que ostenta sobre Novagalicia Banco para que os centros de adquirentes de participacións preferentes das extintas Caixas de Aforro podan recuperar inmediatamente o investimento realizado. 3º) Instar á Xunta de Galiza e ao Goberno do Estado a que demanden do Banco de España e a Comisión do Mercado de Valores (CNMV) a emprender unha campaña de inspección sobre a comercialización por parte das entidades financeiras das participacións preferentes, esixindo, no seu caso, a depuración das responsabilidades aos executivos e directivos das entidades financeiras que impulsaron e cometeron o fraude masivo aos pequenos aforradores “.

O Sr. Barreiro Lubián explica o contido da moción indicando que é un caso máis de fraude das entidades bancarias. As preferentes de hai 10 anos non teñen nada que ver coas de hai ano e medio.

Non nos parece que un fraude deste calibre poida quedar sen intervención para que esta xente recupere estes aforros.

O Sr. Rodríguez Grandal di que o seu Grupo Político vai apoiar esta moción pero con matices que debemos tratar. Este foi un produto que se comercializou incluso con familiares nosos e cos nosos aforros e o que ocorre é que nos mercados isto era algo imprevisto.

En Galicia as comercializaron 19 entidades non solo Novagalicia Banco e a última emisión que se emitiu foi no ano 2009. Non solo as comercializaron os bancos senón tamén empresas como Fenosa.

Antes os intereses estaban estables, pero coa evolución dos mercados, como o inmobiliario, hai xente atrapada. Non contribuamos todos á confusión da xente; hai 5 anos cando se venderon estas participacións a xente estaba contenta porque gañaban e todo o mundo estaba conforme e comercializábanse nun prazo de 45 días. Os mercados evolucionaron en algo que non se esperaba, temos que ter un pouco de responsabilidade en todo o que falamos e facemos, temos que ser conscientes do que estamos defendendo.

Non se pode enganar a moitas persoas durante tanto tempo.

Non entendo que na moción se poña instar á Xunta de Galicia cando a porcentaxe maioritaria é do Estado (Comisión do Mercado de Valores), sen que sexa soamente Novagalicia Banco a que comercializou eses produtos.

O Sr. Martínez Blanco contéstalle que está convencido de que moitos directores ou xestores de bancos descoñecían o produto, pero estamos falando de pequenos aforradores que confiaban no seu director e que non se leen a letra pequena.

Este mercado preferente non deixa de ser un pequeno corralito. Pedimos que a Xunta ou o Estado interveña nesta estafa

O Sr. Barreiro Lubián manifesta que todo isto non é tan arbitrario, que está moi dirixido e pensado pola Reserva Federal Americana e o tempo o dirá o que se está plantexando é que existe un modelo EEUU e un modelo Europeo. Ten que intervir o Estado e tamén a Xunta por ser o Goberno de Galicia.

A Comisión por unanimidade de asistentes acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación.”

Inicia a rolda de intervencións a Sr. Díaz Iglesias para ratificar o contido da moción, reiterando a estafa e engano levado a cabo polas entidades financeiras pola omisión da debida información aos seus clientes, reclamando da Xunta de Galicia e do goberno do Estado a adopción das medidas necesarias para arrojar maior claridade sobre o acontecido así como as tendentes á recuperación dos seus aforros polos afectados.

Toma a palabra o Sr. Rodríguez Grandal que pon en coñecemento dos membros corporativos que a Xunta puxo a disposición dos interesados oficinas de arbitraje nas que se está a estudar caso por caso así como nos casos de que se teñan recibidos do FROB necesítase a previa autorización da Unión Europea e esta é a razón fundamental pola que se está a dilatar a adopción de medidas. Aclara, non obstante, que tan so pretende ofrecer maior información xa que o seu grupo municipal vai a apoiar a moción.

A continuación a Sr. Besada Lores quere deixar constancia que os feitos son máis graves que os propios dunha mera falta de información, sendo moitos os afectados no Concello de Poio, cun perfil intelectual moi variado o que da conta de que se abusou da confianza da xente.

Toma de novo a palabra o Sr. Rodríguez Grandal e sinala que se tivese efectuado hai cinco anos unha enquisa preguntando se ían a desaparecer as Caixas de Aforro ninguén lle tería dado crédito. E iso foi o que aconteceu. Os produtos ofrecidos aos particulares sempre tiveron liquidez, sendo impensable a evolución dos mercados financeiros, e por iso o prazo era o de menos xa que existía a necesaria liquidez presentando unha boa rentabilidade o que agradaba a xente.

Engade que cando se fusionaron Caixa Pontevedra e a Caixa de Aforros de Ourense tiña dúas liñas de perpetuas que foron de seguido amortizadas. Mais agora xa non decidimos de forma autónoma. Destaca ademais que a Xunta tan so participou pola inclusión de publicidade relativa ao Xacobeo.



O Sr. Barreiro Lubián comenta cos asistentes que o engano ao seu parecer obedece á ambición da xente que pedías nas oficinas os produtos que ofrecesen o maior interese, pero deberíase ter sido explicado que era necesario que houbera xente que as mercase. Na súa opinión o Goberno é igualmente responsable por saber que se estaban a ofrecer por entidades para as que xa se tería definido a súa desaparición, asunto no que sí terían competencias ao que suma que a actuación dos grandes Bancos non tería sido posible se o Banco de España non lles tivera dado o seu visto e praxe. Non serve agora efectuar unha mera crítica a posición defendida por Alemaña xa que ser membro da Unión Europea é o que ten. O Tratado de Lisboa, artigo 17, así o dispón e se é necesario, España deberá abandonar a Unión. E reitera que se ofreceron produtos por entidades que xa sabían que ían desaparecer.

Toma a palabra o Sr. Agís Gómez para sinalar que cando os clientes chegaban se lles informaba que o capital garantiase ao seu vencemento pero tan so na letra pequena indicábase a que prazo.

Unha vez rematada a quenda de deliberacións sométese a votación ordinaria o ditame emitido pola Comisión Informativa e polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu número legal de membros ( 8 grupo municipal BNG, 7 grupo municipal PP e 2 grupo municipal PSOE), o Pleno adoptou o seguinte acordo:

**Primeiro.** - Instar á Xunta de Galiza e ao Goberno do Estado a que adopten medidas efectivas de protección dos clientes de entidades financeiras que investiron os seus aforros en instrumentos financeiros opacos sen que por parte das entidades fosen informados debidamente dos riscos do produto e sen que se cumprisen as demais obrigas establecidas na normativa, co fin de que podan recuperar os seus aforros no prazo de tempo máis breve posíbel.

**Segundo.**- Instar á Xunta de Galiza a exercer as potestades que ostenta sobre Novagalicia Banco para que os centos de adquirentes de participacións preferentes das extintas Caixas de Aforro podan recuperar inmediatamente o investimento realizado.

**Terceiro.**- Instar á Xunta de Galiza e ao Goberno do Estado a que demanden do Banco de España e a Comisión do Mercado de Valores (CNMV) a emprender unha campaña de inspección sobre a comercialización por parte das entidades financeiras das participacións preferentes, esixindo, no seu caso, a depuración das responsabilidades aos executivos e directivos das entidades financeiras que impulsaron e cometeron o fraude masivo aos pequenos aforradores.

3662.- MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO B.N.G. E P.S.O.E. DE APOIO Á FOLGA XERAL DO 29 DE MARZO EN CONTRA DA REFORMA LABORAL.- Pola secretaria presente na sesión dáse conta da moción conxunta presentada con data 14 de marzo de 2012, número rexistro de entrada 1376, polos grupos municipais do BNG e PSOE, sendo elevada á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas en sesión ordinaria celebrada con data 19 de marzo de 2012 na que se adoptou o ditame que dí o que segue:: “Dáse conta da moción consensuada dos grupos municipais do B.N.G. e P.S.O.E. de data 14 de marzo de 2012 e data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de Poio o día 14 de marzo de 2012 que, tras unha ampla exposición de motivos propón ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte acordo: “ Manifestar o apoio ás mobilizacións e á folga xeral convocadas para o 29 de marzo de 2012 polas organizacións sindicais representativas en contra da reforma laboral aprobada polo Real Decreto 3/2012, do 10 de febreiro”.

O Sr. Barreiro Lubián di que no noso Concello a maioría da poboación é traballadora e esta reforma laboral conleva empobrecemento e unha diminución importante dos salarios; haberá que aceptalo, pero polo menos co voto en contra do Concello de Poio.

NESTE MOMENTO ABANDONA O SALON DE SESIÓNS O CONCELLEIRO ALBERTO VILLAVERDE MÉNDEZ.

O Sr. Villaverde Méndez manifesta que o seu grupo político vai votar en contra da Folga Xeral por entender que non é o momento máis oportuno.

A Comisión por 3 votos a favor do BNG e PSOE, ningunha abstención e 2 votos en contra do grupo municipal do Partido Popular acordou ditaminar favorablemente dita moción e propor ao Pleno a súa aprobación.”

Toma a palabra o Sr. Villaverde para advertir do erro existente na acta da devandita Comisión Informativa sendo a intervención do grupo municipal do Partido Popular levada a cabo polo seu voceiro.

Inicia a rolda de intervencións a Sra. Díaz Iglesias reiterando o contido da moción poñendo especial énfase na oposición ao novo cálculo da indemnización por despido, o reforzamento da capacidade da empresa para modificar as condicións de traballo, recortando así mesmo o contido do ámbito da negociación colectiva. Ao seu xuízo e do seu grupo no é necesario para saír da crise mermar os dereitos dos traballadores sen emprego digno, engadindo que a reforma tan so contenta ás grandes empresas.

Para a Sra. Besada Lores que toma a palabra a continuación, trátase dunha reforma sen precedentes, supoñendo un retroceso ata cincuenta anos atrás. Os traballadores veranse obrigados a traballar máis horas por menos cartos, fomentando o despido libre e de saldo para os empresarios. É por iso e por moitas máis polas que o seu grupo manifesta a súa frontal oposición a que sexan os menos culpables da crise actual sexan os que a paguen.

O voceiro do grupo municipal, do Partido Popular declara que maior escravitude que a descrita pola Sra. Besada Lores é a que está a sufrir os cinco millóns de españois que están no paro no que o PSOE terá algo de responsabilidade. Amosa a súa tristeza pola posición asumida contra o goberno actual que tan só leva gobernado cinco meses para o lle esixen tal fortes responsabilidades sen ter en conta as propias por sete anos de administración dos intereses xerais. Tan so pide normalidade e liberdade para exercer ou non o dereito á folga dunha maneira persoal e individual. Que os comerciantes pequenos e autónomos podan abrir os seu negocios sen actos vandálicos.

Toma a palabra o Sr. Agís Gómez e indica que en iso están todos de acordo. Máis o problema non está no tempo no que se exerzan responsabilidades se non no contido da acción de goberno. Para él a reforma tan so incide no despido e non na contratación o que traerá consigo un incremento do desemprego.

O Sr. Barreiro Lubián fala de economía puramente especulativa, no que as cousas non se lles daba o valor que tiñan se non o que se lles quería dar e agora o exceso o van a pagar os asalariados. Ese exceso de valor o van a pagar agora a baixada de soldos. En cinco ou seis anos desaparecerá a pequena e mediana empresa xa que non hai forma de regular o mercado de traballo, camiñando cara un sistema no que traballaremos por menos de oitocentos euros ao mes, como en Alemaña na que xa existen cinco millóns de persoas en esa situación. E esa é a Europa á que lle damos o visto e prace.

A continuación intervén o Sr. Martínez Blanco para manifestar como se pode dar apoio a unha reforma laboral tan salvaxe que non afecta a todos, á pequena e mediana empresa xa que se nos rebaixan os soldos non lles imos a mercar. Como non se pode devaluar a moeda, pois o facemos nos salarios para satisfacer aos mercados financeiros. É como pai está preocupado polos seus fillos, polo seu futuro e volve a lembrar o exemplo que puxo na comisión informativa de facenda respecto de proceso de selección de dependente na que se se utilice como criterio final entre as dez mellores, a que máis traballe cobrando menos.

A Sra. Besada Lores toma de novo a palabra para responder ao Sr. Moldes que o culpable da crise é o gran

capital, a dereita, o neoliberalismo. Declara aos asistentes que é moi bonito falar de liberdade para ir á folga, pero que dita liberdade non existe cando se ten un patrón ameazante e lembra os recentes incidentes de Valencia.

Tras un momento no que se xenera participación por distintos/as concelleiros/as, o Sr. Moldes manifesta que lle parece unha falta de respecto que sexa o PSOE o que agora fale de moralidade.

Pecha o debate o Sr. Agís Gómez indicando que o derradeiro dereito é o “pataleo”.

Unha vez rematada a quenda de deliberacións sométese a votación ordinaria o ditame emitido pola Comisión Informativa e por dez votos a favor (8 grupo municipal BNG e grupo municipal 2 PSOE) e sete votos en contra (7 grupo municipal do Partido Popular), o Pleno adoptou o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Manifestar o apoio ás mobilizacións e á folga xeral convocadas para o 29 de marzo de 2012 polas organizacións sindicais representativas en contra da reforma laboral aprobada polo Real Decreto 3/2012, do 10 de febreiro.

**MOCIÓN URXENTES.-** Prodúcense as seguintes:

3663.- INTERVENCIÓN, EXP. 3/2012, EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO.- Ao abeiro do sinalado no artigo 91.4º do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o alcalde somete a consideración do Pleno a declaración de urxencia da aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito número 3/2012, iniciado mediante providencia da alcaldía de data 23 de marzo de 2012 na que solicita que se emita informe pola Intervención Municipal con relación ao procedemento e lexislación aplicable así como sobre a idoneidade de seguir o procedemento de recoñecemento extraxudicial de crédito pola existencia dunha serie de facturas correspondentes ao anterior exercicio 2011 e 2010 por un importe de 92.057,34 € ao que fai referencia a relación número 2012 000018 presentada pola Intervención Municipal.

Consta no expediente informe emitido pola Intervención Municipal e proposta da alcaldía de data 23 de marzo de 2012.

O alcalde indica que se trata proceder ao recoñecemento de facturas de forma que se así o estima a corporación, non sexa necesario proceder a realizar Plan de Axuste ningún ao se refire o Real Decreto-Lei 4/2012, de 27 de febreiro.

O voceiro do grupo municipal do Partido Popular pregunta se hai máis facturas.

O Sr. Barreiro Lubián respóndelle que espera que non.

O alcalde da conta do motivo da factura emitida por un importe de 61.032,51 euros pola empresa Xestión ambiental de Contratas, S.L.

A Sra. Nieto García pregunta polo resto das facturas.

Sometida a urxencia a votación, é aprobada por dez votos a favor ( 8 do grupo municipal BNG e 2 grupo municipal PSOE) e sete votos en contra (7 grupo municipal PP) A continuación dáse conta do expediente A interventora accidental presente na sesión toma a palabra para explicar aos membros corporativos o contido do seu informe e dos motivos do reparo formulado.

A continuación se procede á dar lectura á providencia da Alcaldía e aos pronunciamentos da proposta.

A interventora presente na sesión explica o contido do seu informe e do reparo formulado pola falta de crédito e de tramitación de acordo coa normativa contractual aplicable.

Unha vez rematada a quenda de deliberacións sométese a votación ordinaria o expediente e por dez votos a favor (8 grupo municipal BNG e grupo municipal 2 PSOE) e sete votos en contra (7 grupo municipal do Partido Popular), o Pleno adoptou o seguinte acordo:

**Primeiro.**- Levantar o reparo emitido pola intervención Municipal no seu informe de data 23 de marzo de 2012.

**Segundo.**- Aprobar o recoñecemento das facturas obxecto do presente expediente por importe de 92.057,34 €.

**Terceiro.**- Aplicar con cargo ao orzamento prorrogado do exercicio 2011, vixente no exercicio 2012, os créditos mencionados con cargo ás aplicacións que corresponden nas cales se efectuou a correspondente retención de crédito.

3664- MOCIÓN URXENTE. RATIFICACIÓN DO ACORDO NÚMERO 10132. DETERMINACIÓN SERVIZOS ESENCIAIS EMPRESAS CONCESIONARIAS DE SERVIZOS PÚBLICOS. CONVOCATORIA DE FOLGA XERAL 29 DE MARZO DE 2012.- Ao abeiro do sinalado no artigo 91.4º do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o Alcalde somete a consideración do Pleno a declaración de urxencia da ratificación do acordo núm. 10132 adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada con data 26 de marzo de 2012 polo que se determinan os servizos esenciais e efectivos a prestar polas empresas concesionarias dos servizos públicos de recollida de residuos urbanos, limpeza viaria e desratización, CESPAS, S.A. e abastecemento e saneamento de auga potable, Aquagest, PROMOCIÓN TÉCNICA E FINANCIERA DE ABASTECIMIENTOS DE AUGA, S.A., ante a petición formulada polas mesmas en relación coa convocatoria de folga xeral do vindeiro 29 de marzo de 2012. Se explica sí aos membros corporativos da necesidade de que ao amparo da previsión contemplada no art. 16.d) do Regulamento Orgánico Municipal, e pese a ser órgano competente por razón da contratación o Pleno, se adoptase coa maior brevidade tal acordo para os efectos do seu coñecemento polas empresas en orde a que estas podan dar a publicidade adecuada e con antelación suficiente aos usuarios dos devanditos servizos.

Sometida a votación, polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu número legal de membros, o Pleno prestou aprobación á procedencia do debate a adopción do acordo que corresponda.

A continuación procedeuse a dar lectura aos indicado acordo: “10132.- DETERMINACIÓN SERVIZOS ESENCIAIS EMPRESAS CONCESIONARIAS DE SERVIZOS PÚBLICOS. CONVOCATORIA DE FOLGA XERAL 29 DE MARZO DE 2012.- Previa declaración de urxencia polo voto favorable dos seis membros presentes sendo este o seu número legal de membros, ao abeiro do establecido no artigo 83 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta da comunicación recibida da empresa concesionaria do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos, limpeza viaria e desratización, CESPAS, S.A., de data 19 de marzo de 2012, número rexistro de entrada 1442, en relación á convocatoria de folga xeral para o vindeiro 29 de marzo de 2012, pola que se requiría do concello que se indicase os servizos mínimos e o número de persoal a nomear, e gozando o servizo de recollida de residuos sólidos urbanos e limpeza viaria como esencial para a comunidade por canto a súa interrupción afectaría a bens e dereitos constitucionalmente protexidos como son o dereito á saúde e o medio ambiente (arts. 43 e 45 da Constitución), sendo necesario intentar compatibilizar o lexítimo dereito de

folga co mantemento dos servizos esenciais para garantir outros delitos sancionados igualmente polo texto constitucional (art.28.2º), deuse traslado do informe-proposta realizado polo enxeñeiro municipal de 21 de marzo de 2012 outorgándolles un prazo de audiencia de dous días hábiles en orde á presentación das alegacións que estimen por oportunas mediante fax remitido con data 22 de marzo de 2012, sen prexuízo da súa remisión por correo certificado.

Transcorrido o prazo de audiencia concedido, non consta no rexistro xeral do Concello a presentación de alegación ningunha

Obra no expediente informe de secretaría de 22 de marzo de 2012.

Así mesmo e con data 26 de marzo de 2012, ten entrada no rexistro, número 1578, comunicación da empresa concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de auga potable, pola que solicitan do concello a determinación de servizo mínimos. Achegan a esta petición, copia do acordo adoptado entre representantes da devandita empresa e o presidente do Comité Intercentros fixando con tal carácter como servizos a prestar dito día: "...Quedarán cubiertos los servicios públicos de emergencia que se prestan, en régimen de contrato público, con las dotaciones que se prestan en domingos y festivos".

A secretaria pon de manifesto que de conformidade co establecido no art. 4 do Real Decreto-Lei 17/1977, de 4 de marzo, incúmprese o prazo mínimo para efectuar o preaviso do comezo de folga ou da adhesión á mesma, fixado en dez días naturais.

Dito servizo garda igualmente íntima conexión co dereito á saúde e o medio ambiente (arts. 43 e 45 da Constitución), tendo o carácter de mínimo e obrigatorio en todos os municipios conforme ao art. 26.1º.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime Local e concordante da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Non existindo debate ningún, para os efectos de comunicar ás devanditas empresas concesionarias o contido dos servizos esenciais fixados, ao abeiro do establecido no art. 16 do Regulamento Orgánico Municipal, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e polo voto favorable dos seis membros presentes sendo éste o seu número total, ACORDOU

Primeiro.- Fixar como servizos esenciais a prestar por CESPA, S.A. a partires do día 29 de marzo de 2012 dende as 00:00 horas até as 24:00 horas, para o servizo de recollida de residuos sólidos urbanos, limpeza viaria e desratización do Concello de Poio, os que se relacionan no informe emitido polo enxeñeiro municipal de 21 de marzo de 2012, debendo destinar os que a empresa considere oportuno para poder levar a cabo con normalidade o servizo nas seguintes zonas do municipio:

- Centros de saúde.
- Sanatorio da Merced e Centro Xeriátrico Ballesol.
- Entorno de todas as escolas do municipio.
- Zonas de restaurantes (Combarro, Lourido, Raxó, etc).

Segundo.- Fixar como servizos esenciais a prestar por Aquagest, PROMOCIÓN TÉCNICA E FINANCIERA DE ABASTECIMIENTOS DE AUGA, S.A., a partires do día 29 de marzo de 2012 dende as 00:00 horas até as 24:00 horas, para o servizo de abastecemento e saneamento de auga potable os de emerxencia que se prestan en réxime de contrato público, coas dotacións que se prestan en domingos e festivos.

Terceiro.- Dar conta do presente acordo ás referidas empresas lembrándolles que deberán dar publicidade adecuada e suficiente do exercicio do dereito de folga polos traballadores aos usuarios do servizo nos termos do art. 4 do Real Decreto-Lei 17/1977, de 4 de marzo, con indicación de que contra o mesmo que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer potestativamente o recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación, segundo establecen os artigos 116.1 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro (na redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro). Se interpoñen o recurso de reposición non poderán interpoñer o recurso contencioso-administrativo até que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lles teña notificada a resolución expresa, entenderase desestimada por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñer o recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses, contados dende o día seguinte ao daquel no que se producise o acto presunto. Este recurso poderá ser interposto ante o Xulgado correspondente do Contencioso-Administrativo, efectuando o demandante a elección que lle permite o artigo 14.1, regra segunda, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa.

Malia o anterior, poderán impugnar directamente este acto administrativo ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa (artigo 116.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro). Para tal efecto poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contado dende o día seguinte ao da notificación da presente resolución, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo que corresponda, a teor da elección permitida ao demandante polo artigo 14.1, regra segunda, da meritada Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Así mesmo poderán interpor calquera outro recurso que estimen procedente ou conveniente

Cuarto.- Dar conta do presente acordo ao Pleno na primeira sesión ordinaria que celebren para os efectos da súa ratificación conforme ao establecido no Regulamento orgánico municipal.”.

Con posterioridade á adopción do acordo e mediante conversa telefónica dáse conta pola empresa CESP, S.A., que en horario nocturno o servizo prestarse por un encargado, un peón e un condutor e durante o día, por un encargado e dous peóns.

Non suscitándose debate ningún e sometido a votación ordinaria, ao abeiro do disposto no artigo 16.d) do Regulamento Orgánico Municipal e 22.2º da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, 10 do Real Decreto 17/1977, do 4 de marzo, 43 e 45 da Constitución e 25.2º, 26.2º.a) e 28 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local e concordantes da Lei de administración local de Galicia, polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu número legal de membros ( 8 grupo municipal BNG, 7 grupo municipal PP e 2 grupo municipal PSOE), o pleno ACORDOU:

**Primeiro.-** Ratificar o acordo núm. 10132 adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria realizada con data 26 de marzo de 2012 polo que se determinan os servizos esenciais e efectivos a prestar polas empresas concesionarias dos servizos públicos de recollida de residuos urbanos, limpeza viaria e desratización, CESP, S.A. e abastecemento e saneamento de auga potable, Aquagest, PROMOCIÓN TÉCNICA E FINANCIERA DE ABASTECIMIENTOS DE AUGA, S.A., ante a petición formulada polas mesmas en relación coa convocatoria de folga xeral do vindeiro 29 de marzo de 2012.

**Segundo.-** Dar conta do presente acordo ás referidas empresas lembrándolles que deberán dar publicidade

adecuada e suficiente do exercicio do dereito de folga polos traballadores aos usuarios do servizo nos termos do art. 4 do Real Decreto-Lei 17/1977, de 4 de marzo, con indicación de que contra o mesmo que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer potestativamente o recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación, segundo establecen os artigos 116.1 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro (na redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro). Se interpoñen o recurso de reposición non poderán interpoñer o recurso contencioso-administrativo até que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lles teña notificada a resolución expresa, entenderase desestimada por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñer o recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses, contados dende o día seguinte ao daquel no que se producise o acto presunto. Este recurso poderá ser interposto ante o Xulgado correspondente do Contencioso-Administrativo, efectuando o demandante a elección que lle permite o artigo 14.1, regra segunda, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa.

Malia o anterior, poderán impugnar directamente este acto administrativo ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa (artigo 116.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro). Para tal efecto poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contado dende o día seguinte ao da notificación da presente resolución, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo que corresponda, a teor da elección permitida ao demandante polo artigo 14.1, regra segunda, da meritada Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Así mesmo poderán interpor calquera outro recurso que estimen procedente ou conveniente

**Terceiro.-** Dar conta do presente acordo á Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na primeira sesión ordinaria que celebren para os efectos do sinalado no art. 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

**ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.-** Non se producen

E non habendo máis asuntos que tratar non presentándose rogo nin pregunta ningunha, polo Sr. Alcalde levántase a sesión ás vinte horas e cincuenta minutos da que se redacta a presente acta de todo o que eu, secretaria, dou fe.